



BANDO MUNICIPAL EN APOIO DO DEPORTE DA CORUÑA

Coruñeses e coruñesas:

A Coruña sempre coida dos seus símbolos. Somos unha urbe que se identifica como poucas co seu amplísimo patrimonio material e inmaterial. O noso carácter de cidade aberta, vangardista, popular e ambiciosa nace arredor deses emblemas nos que todos e todas nos sentimos representadas. Por exemplo, no deporte.

Os coruñeses e coruñesas formamos historicamente unha comunidade orgullosa e superdotada para a socialización. Podemos comprobalo acotío nas rúas de calquera barrio, tamén nos eventos culturais e, por suposto, nos deportivos. Nos próximos días, comezando xa por esta fin de semana, temos a ocasión de volver demostrar o apego que A Coruña sente pola súa identidade, polos seus símbolos. Farémolo arredor do noso deporte, que afronta un momento decisivo que nos convoca a todos e todas.

A afección do Real Club Deportivo é admirada no mundo enteiro grazas ao seu exemplo de fidelidade. Este sábado, da man das peñas, destacará outra vez en pos do primeiro paso cara ao lugar que nos corresponde, no máis alto. O equipo masculino encherá de novo o estadio municipal de Riazor, que tamén acolle o día seguinte un fundamental encontro do Dépor feminino. Elas tampouco estarán soas. O branquiazul unirá -como é o noso costume- a toda a cidade, nestas xornadas e nas sucesivas.

Tamén o Básquet Coruña loita de forma notable estas semanas polo ascenso á categoría máis alta do baloncesto español, collendo así o relevo do Bosco de hai máis de medio século, quentando o forno da historia.

O Liceo Hockey Club segue escribindo as páxinas máis heroicas do deporte galego, ás que agora se une en tempo récord o admirable Hockey Club Coruña, que disputará este mes na nosa cidade a final a catro da meirande competición feminina de Europa.

As sensacionais mulleres do CRAT aspiran a que o rugby coruñés volva erguer títulos nacionais, tanto en Copa este domingo como en Liga despois. Outros clubs teñen por diante grandes citas nas vindeiras semanas, caso, por exemplo, de OAR, Maristas, Viaxes Amarelle, Zalaeta, Dominicos ou os e as que participarán de xeito individual, pero tamén coa cidade detrás, nos Xogos Olímpicos de París, ao tempo que recoñecemos a quen quedou a piques de facelo tras un fantástico esforzo, o que na Coruña sempre equivale a unha medalla. Polo tanto, vivimos un espléndido e plural momento deportivo, que convoca a toda a cidadanía.

Como alcaldesa, fago un chamamento a todos os coruñeses e coruñesas para que, de novo, manifesten o seu amor á cidade e a Galicia. Animo a nosa veciñanza a acompañar nestas importantes xornadas a todos os nosos representantes deportivos, acudindo aos recintos onde xoguen, amosando os seus distintivos ou do xeito que consideren oportuno. Insistamos no alegre espírito que nos define, presumamos unha vez máis de orgullo coruñés apoiando con forza as nosas cores. En definitiva, sigamos a coidar os símbolos que nos convierten na marabillosa cidade que somos: A Coruña.

VIXENCIA

O presente bando estará en vigor desde o día da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello até as 00.00 h do 30 de xuño de 2024.

Inés Rey
Alcaldesa da Coruña

A Coruña, 19 de abril de 2024